

O poeta e escritor Lois Diéguez ven de conquistar o Premio Blanco Amor de novela —este ano fallado en Ribadeo— coa súa obra «A canción do vagamundo». Esta incursión de Diéguez na narrativa é, xa de seu, un acontecemento literario, pero supón sobre de todo a esperanza de que neste eido acade a mesma calidade que na poesía, onde, como é xa tópico, hai moitos e non poucos bós, mentres que na novela, apesares de todo o que se avanzou en cantidade e máis esforzos anovadores, aínda son escasos en número os creadores. Este, e non outro, lonxe da competitivi-

dade ou o mimetismo, ten de ser o alicerce do «Blanco Amor», premio que leva o nome dun dos contados novelistas que Galicia pode ensinar mundo adiante sen pexo nen andrómenas. Benvidos sexan, pois, os novos novelistas —aínda que moitos quizais pasen coma un lóstrego— se eles van facer real o soño do salto cualitativo, aínda que ese intre faga «boooooom». Peor é, ¿non si?, o asubío do fol da gaita cando se valeira. Vexamos, pois, nun dos anticipos tradicionais deste «Cuaderno de Cultura», un fragmento de «A canción do Vagamundo», a obra gañadora.

«A canción do Vagamundo»

Lois Diéguez

Desde a aparición da Señora, o tío Leandro non deixa un instante o rosario que o Pedro lle trouxera un día. Anda con el no peto e cando non o arexa abertamente ante calquera, gosta de o sentir aló no fondo, tépedo pola leve calor con que o abafa o seu xa enfeblecido corpo, máis frío no metal da cruz ou na cadea das doas, e estes movementos sobranceados ás veces pola raiba que lle producen os que se rin del, acompañanse súpeto polo borboriñar dos beizos descoridos.

Pasea polo corredor dun cabo a outro, pois a néboa está baixa e calacea pola rua con ar ameazante para os vellos, chamándoos de cando en vez desde as esqueiras ou, máis atrevida e enrabexada, mesmo desde a porta da entrada ou desde as xanelas. Loita por recoller o sentido das palabras da Ave María contra a mecánica dun costume que amosa arreo os perigos da insensibilidade, pois tamén Ela lle fixera algún comentario a respecto da falta de devoción en que se podía caer cun acto monótono. Isto non lle resulta doado, porque cando menos o pensa xa está metendo os pés no forno da cociña ou dándolles calor coas mans, e entón pensa, é o demo, Señora, que non se arreda de nós para nos tentar. E o demo, cando cansa dos paseos, do longo camiñar polo corredor, méteo nun cuarto, no máis pequeno onde tan só colle a cama e unha mesiña de castiñeiro alta e incómoda. Ali ve ó Pedro e máis ó Xoán a xogar nunha mañá de inverno fría como a aquel día, mentres no outro, algo máis grande, o do matrimonio, a mamai Otilia está a berrar encerrada coa comadrona. Os nenos calan e quedan á espreita, cochichean, o Pedro, cunha grande interrogación metida nos ollos, o Xoán con risa de home xa feito e malicioso, e corren para guichar desde a abertura da porta, que é cando el ten que intervir para que fuxan dali. Péchaos no seu cuarto e reñe co papai Delmiro por non mandalos a outro lugar, reñe coa Esther que anda a correr con potas de auga quente como se fosen vasos e con todo aquel que se lle pon diante, reñe até desfacer a voz nun rouquexo de ferro vello para logo caer nunha cadeira da cociña a matinar por que se ten que poñer así, máis só sabe da raiba a lle abombar as veas e os dedos, e cando os berros despavoridos do novo ser escachan contra o silencio contido da madrugada e as risas e máis o acougo volven asomar naquela casa, el segue a sentir o lume da carraxe na ponta dos dedos e no veneno do sangue. ¿Por qué, Señora?.



A contar as doas infinitas.

O tío Leandro mantense como unha estatua na soleira da porta do cuarto sen deixar de mover os beizos e sen que o borboriño tamén deixe de rillar no silencio agrandado das estancias. Todos miran como parvos o embrullo de carne ensanguentada. O papai Delmiro parece outro, emocionado e tenro como un canciño que acariña o amo. Ergue o embrullo coaquelas mans deformadas e o Pedriño di que o quere arrolar unha amiga, e o Xoán foxe cunha expresión de noxo que fai rir aos demais. El ten gana de trousar, pero atura pensando en mil cousas que non lle dan enchido o maxin, quere marchar dali pero non pode, hai algo ou alguén que llo impide, e agora, véndoo aínda amoreados arredor do embrullo, adianta os brazos cara a cama, deixa o rosario a acanear no ar e di, rezade o rosario todos os días, e volve pasear polo corredor coa alma acougada e unha sensación de triunfo espiritual.

Por un cacho atópase nua diante da que leva o Doce Nome, e entre o llena

eres de gracia mete un perdón repetido que ecoa entre as paredes húmidas do corredor, e axiña unha exaculatoria contra o nemigo tentador, aperta con forza as primeiras doas do primeiro misterio eponse de xionllos con esforzo que escacha osos e demora queixas. Mais, sen se decatar, xa sente como chaman á porta e como a mamai Otilia corre a abrir, fala e aparece cun home novo no comedor, mandando con berros que dirixe cara a cociña que a Esther percure ao papai Delmiro. El ten que se arredar para que o mozo non pase por riba del, e mentres o papai Delmiro non ven, a mamai Otilia fala cunha ledicia non acostumada na súa voz. O mozo comeza por lle contar cousas de Santiorxo que a deixan apampada. Ela non se arreda, non, séntase nesmo na cadeira máis achegada á del e rin cando mentan o Laberca e a última falcatuada que fixo, pónense como tristesiros cando soa o nome do Enrique de Covos, e o tío Leandro xa non atura, ondea os beizos en meia lua e camiña dun a

outro lado para que o sintan, pero sen se atrever a volver ao comedor. Agora tamén se senta, quizabes na mesma cadeira que o mozo ou ela ocuparon naquel momento. A cousa non deixa de lle gostar, mesmo parece recibir a calor daquel tempo tan lonxano, e o lume que lle acendía o corazón diante da familiaridade dos dous, a raiba que sempre o uniu ou arredou da mamai Otilia, a desfeita dun fogar esborroado con liberdades que el sempre condenou. Parecíalle un deber comentalo despois co papai Delmiro, que sen perder un minuto abría as comportas dos ciumes que irremesibelmente estouraban contra as que a mamai Otilia tamén abría, aínda que a súa riada non levaba a mesma auga, senón outra diferente que baixaba alporizada e viva.

O tío Leandro deixa o rosario, é consciente de que acaba de arredar o rosario que fica no meio da mesa escura como unha bágoa ou algo esquecido a mantenta, e non por ilo se dirixe á do Doce Nome. Di cunha canseira que lle entolda os ollos que xa abonda de rezo. Quere vivir sensacións atrasadas, afondar nelas como non fixo antes por medo a chegar ao seu corazón. Dáballe medo, e mesmo agora tamén o ten. Trema, ¿de frío?, ¿ou é a señardade do imposible?. Dirixe os ollos para o rosario que segue ali entre a bágoa e a pinga vermella, entre a espada e o corazón ardendo en lampas, realidade a chamar polo rosto daquel mozo tan ledo e con tanta vida e polo da mamai Otilia que se vai ensumindo nunha carantoña de dor, ouh, quen coñece os destinos de Deus, quen sabe cando un erra ou atina, cando é vanganza a nosa palabra afervoadada ou cando é submisión, ¿quen o sabe?. Enguriñase na cadeira e zuga na calor do pasado, e o rosto da mamai Otilia ri ante un ceo de nubes prateadas ou entre as frores dunha roseira arrecendente que medra ao pé do muro da casa de Santiorxo. Parece adormecer na lembranza, pero algo ben fondo berra perigo e as nubes prateadas vólvense voz, Leandro, Leandro, e onde antes agromaba a señardade madurece agora o relustro do azul, o escentileo dun rosario que ven cara el, esvarando de vagar polo arrais brillante da mesa, a cruz navegando alta, perpendicular, luminosa, como a proa dun navío que camiña entre o escuro da tronada. Os ollos do tío Leandro ábreanse como pozas de asombro, e tamén as mans que reciben a cruz tremosas e frías para contar outra vez polo corredor as doas infinitas.